

## Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de maio do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.15 horas do día 9 de maio de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 2 de maio de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Licenza de segregaci3n.
- 6º.- Comunicaci3n previa (actividade).
- 7º.- Aprobaci3n prezo p3blico excursi3n da terceira idade (Rías Baixas) 2017.
- 8º.- Rogos e preguntas.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 2 DE MAIO DE 2017.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do día 2 de maio de 2017.

### **SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por JUAN LOPEZ RICO, con domicilio en Praza de Ulteira 7, 4ºB, Santiago de Compostela, na que comunica que vai instalar un caseto prefabricado de madeira, sobre base de formig3n, de 12 m<sup>2</sup>, en Babenzo 20, Bastavales. A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural, 3rea consolidada pola edificaci3n (NRL-1), do PXOM. A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que se sitúe como m3nimo a 3 metros dos lindeiros laterais e posteriores. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**b)** Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representaci3n da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO 9, con domicilio en Avda da Mahía 60, 1ºA, Bertamir3ns, Ames, na que comunica que vai realizar obras de pintado das fachadas e limpeza dos canal3ns do edificio da Urb. Balado 36-38, Os 3nxeles. A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo urbano (UC3). A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**c)** Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por SERGIO GARCIA RIVEIRO, con domicilio en Rivadeza 27, Mazaricos, na que comunica que vai construír un muro de pedra de 15 cm. de espesor, con pilares de pedra, nunha lonxitude de 54 metros e unha altura m3xima de 1,50 m. medidos sobre a rasante natural do terreo, no lugar de Sabax3ns 48, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o peche se sitúe fora da zona do dominio público da estrada AC-300, a 8 m. do eixe da vía polo linde oeste e a 4 m. do eixo da vía polo linde sur.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CRISTINA BECERRA PEDRARES, con domicilio en Nináns 21, Luaña, na que comunica que vai realizar as seguintes obras no lugar de Nináns 21, Luaña:

- Realización dunha soleira de entrada ao garaxe.
- Realización dunha soleira desde o garaxe ata a vivenda.
- Limpeza e encintado dun muro de pedra.
- Soleira de entrada a vivenda con construción dun muro de contención.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMON CASTRO CASTRO, con domicilio en Gundín 15, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Gundín 15, Os Ánxeles, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o volume actual da cuberta.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA ROSA PAIS VEIGA, con domicilio en Guitiande 25, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para reparar a fachada traseira da vivenda de Guitiande 25, Os Ánxeles, para mellorar o illamento acústico e colocar verteaugas e zócalo de pedra.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 3 de maio de 2017 (expediente 240/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Esparís Silva, que di actuar en representación da ASOCIACION DE VECIÑOS DE ONS, con domicilio en Ons de Abaixo 13, Ons, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Fonte Paredes 10, Ons (Teleclub de Fonte Paredes):

- Reparación da cuberta de 210 m<sup>2</sup>, substituíndo as tellas en mal estado, sen incrementar o seu volume.
- Pintar o interior da edificación.
- Reparación da instalación de fontanería e electricidade.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de abril de 2017 (expediente 409/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras na cuberta limitaranse á simple reposición das tellas rotas por unhas novas, sen engadir ningún tipo de canle na fachada.
  - As obras no interior non excederán do simple mantemento das instalacións e pintado.
  - Deberanse retirar as canles e baixantes que se observan instaladas, dada a afección moi negativa que están a provocar sobre as fachadas do ben obxecto de protección.
  - Unha vez rematadas as obras, nun prazo máximo de seis meses deberase remitir unha memoria final das obras que inclúa reportaxe fotográfica do estado inicial e final logo das obras (artigo 43 da Lei 5/2016).
- Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por José Luis Estévez Suárez, que di actuar en representación de DIEGO BOUZAS GRONZO e SANDRA DOPAZO COUSELO, con domicilio en Cantelar 1, Boullón, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar en Cantelar 14, Boullón, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 09/03/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 09/03/2017.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres

anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 64,90 m<sup>2</sup> para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 8 de maio de 2017.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por ISABEL CANTELAR FREIRE, con domicilio en Pazos 15, Ons, de solicitude de licenza de obra para construír un silo para forraxe, de formigón armado, en Pazos, Ons, finca 274 do polígono 502, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia o 27/02/2017, nº visado 13614.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia o 27/02/2017, nº visado 13614.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Javier Silvariño Espasandin, con domicilio en Avd. Antonio Tomé Taboada 13, Santa Comba, que di actuar en representación de Ramón Castro Vázquez, e Casa & Campo Silvagar SL, na que solicita licenza de agrupación e posterior segregación de tres parcelas que comparten unha mesma referencia catastral: 8143702NH2484S0001XY, situadas no Outeiro, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación Javier Suárez del Río, visado núm. 17-756, de data 17.03.2017, no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña, presentado no concello o 23/03/2017 (r.e.1.205).

**Descrición das parcelas matriz ( tres parcelas que comparten a mesma referencia catastral ): 8143702NH2484S0001XY.**

##### **PARCELA A**

Superficie segundo medición recente: 3.842,30 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal e parcela urbana de referencia catastral 8143701NH2484S0001DY.

Sur: Ángel Moure Gómez (1.087), Teresa García Quintáns (1.089) e Concepción Couselo Verde (1.090).

Leste: Rosalía Abelleira Graña (1.085).

Oeste: zona excluída.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a cobertizo e galpón anexo, cunha superficie total de 78 m<sup>2</sup>, así como un hórreo.

##### **PARCELA B1**

Superficie segundo medición recente: 234,00 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: Mercedes Freire Failde, hoxe parcela urbana 8143701NH2484S0001DY.

Sur: Manuela Nieto Vilares.

Leste: parcela denominada "Leira da Porta", referenciada neste expediente como parcela B2.

Oeste: camiño público.

Sobre esta parcela existe unha edificación identificada co número 22 do lugar de Outeiro, composta de planta baixa e alta e con cobertizo unido pola parte sur, cunha superficie de 234,00 m<sup>2</sup>.

#### PARCELA B2

Superficie segundo medición recente: 269,00 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: Generosa Lorenzo, hoxe parcela urbana 8143701NH2484S0001DY.

Sur: Manuela Freire.

Leste: Carmen Quintáns.

Oeste: parcela B1 descrita anteriormente.

#### **Agrupación:**

#### PARCELA AB

Superficie ( suma das tres anteriores ): 4.345,30 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal e parcela urbana de referencia catastral 8143701NH2484S0001DY.

Sur: Manuela Nieto Vilares, Manuela Freire, Ángel Moure Gómez (1.087), Teresa García Quintáns (1.089) e Concepción Couselo Verde (1.090).

Leste: Rosalía Abelleira Graña (1.085).

Oeste: camiño público do lugar.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a cobertizo e galpón anexo, cunha superficie total de 78 m<sup>2</sup>, así como un hórreo, e unha edificación identificada co número 22 do lugar de Outeiro, composta de planta baixa e alta e con cobertizo unido pola parte sur, cunha superficie de 234,00 m<sup>2</sup>.

#### **Segregación pretendida:**

#### PARCELA A1R.

Superficie bruta: 1.335,90 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 0,00 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela urbana de referencia catastral 8143701NH2484S0001DY.

Sur: Manuela Nieto Vilares, Manuela Freire e Ángel Moure Gómez (1.087).

Leste: parcela A2R desta segregación.

Oeste: camiño público do lugar.

#### PARCELA A2R.

Superficie bruta: 370,00 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,30 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Teresa García Quintáns(1.089).

Leste: parcela A3R desta segregación.

Oeste: parcela urbana de referencia catastral 8143701NH2484S0001DY, parcela A1R desta segregación e Ángel Moure Gómez (1.087)

#### PARCELA A3R.

Superficie bruta: 365,90 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,25 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Teresa García Quintáns(1.089).

Leste: parcela A4R desta segregación.  
Oeste: parcela A2R desta segregación.

PARCELA A4R.

Superficie bruta: 371,35 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,23 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Teresa García Quintáns (1.089).

Leste: parcela A5R desta segregación.

Oeste: parcela A3R desta segregación.

PARCELA A5R.

Superficie bruta: 361,20 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,18 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Teresa García Quintáns (1.089).

Leste: parcela A6R desta segregación.

Oeste: parcela A4R desta segregación.

PARCELA A6R.

Superficie: 364,90 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,16 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Teresa García Quintáns (1.089) e Concepción Couselo Verde (1.090).

Leste: parcela A7R desta segregación.

Oeste: parcela A5R desta segregación.

PARCELA A7R.

Superficie: 377,90 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,18 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Concepción Couselo Verde (1.090).

Leste: parcela A8R desta segregación.

Oeste: parcela A6R desta segregación.

PARCELA A8R.

Superficie: 399,85 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,20 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Concepción Couselo Verde (1.090).

Leste: parcela A9R desta segregación.

Oeste: parcela A7R desta segregación.

PARCELA A9R.

Superficie: 398,25 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 20,20 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Concepción Couselo Verde (1.090).

Leste: Rosalía Abelleira Graña (1.085).

Oeste: parcela A8R desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando ao interesado, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SEXTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Alberto Otero da Costa, que di actuar en representación de JAVIER DANIEL NUÑEZ CABALLERO, con domicilio en Travesía de Cacheiras 111, 1ºC, Cacheiras, Teo, para o funcionamento da actividade de carpintería metálica na Rúa Cancelos 3, Os Ánxeles, segundo proxecto de actividade redactada polo enxeñeiro técnico industrial Alberto Otero da Costa, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 06/02/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 19/04/2017 (r.e.1636).

A edificación emprázase dentro dun ámbito de solo urbano (UC2), séndolle de aplicación a ordenanza nº2.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a carpintería metálica, situada na Rúa Cancelos 3, Os Ánxeles.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SÉTIMO.- APROBACIÓN PREZO PÚBLICO EXCURSIÓN DA TERCEIRA IDADE (RIAS BAIXAS) 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 04.05.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello en sesión do 09.05.2017.

Vistos o informe técnico do 04.05.2017 e o informe de intervención do 04.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda: 1º) Fixar o prezo público para a asistencia á excursión da terceira idade ( Rías Baixas ) 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

-. Prezo público por persoa participante: 30 euros.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González